

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONCELLO DA VEIGA PARA A MELLORA E DOTACIÓN DO CENTRO DE INICIATIVAS MUNICIPAIS (CIMA) E OS SEUS ACCESOS

REÚNENSE

María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía e Industria, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia

Juan Anta Rodríguez, alcalde do Concello da Veiga, elixido mediante acordo plenario do 17 de xuño de 2023 e actuando en representación deste concello polas atribucións dadas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutua e respectivamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía e Industria ten, entre as súas competencias, a promoción e dinamización da economía, o impulso e a coordinación da política económica e industrial.

SEGUNDO.- O Concello da Veiga ten, entre os seus obxectivos prioritarios, o fomento da actividade económica e a creación de emprego no termo municipal, para o que está a desenvolver diversas actuacións a través do Centro de Iniciativas Municipais (CIMA). Esta infraestrutura busca fixar poboación mediante a transformación de produtos agrarios e forestais.

Para o correcto funcionamento do CIMA, resulta imprescindible executar a mellora dos seus accesos, garantindo a seguridade e a operatividade do transporte de mercadorías, así como a dotación de maquinaria industrial necesaria para o procesado de noces, abelás, mel e outros produtos autóctonos.

TERCEIRO.- A actuación indicada está perfectamente aliada coas competencias e obxectivos da Consellería de Economía e Industria que, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético exerce, entre outras, as competencias relativas ao apoio xeral ao sector empresarial, fomentando a mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento tecnolóxico e na innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización.



Polo tanto, de acordo co exposto, existe un interese mutuo e converxente por parte de ambas entidades na mellora e dotación do Centro de Iniciativas Municipais (CIMA) e os seus accesos, polo que a Consellería de Economía e Industria e o Concello da Veiga recoñecendo as competencias mutuas, acordan subscribir este convenio de colaboración baixo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Establecer as liñas de colaboración para financiar a execución das obras de mellora de accesos e a adquisición de maquinaria industrial para o Centro de Iniciativas Municipais (CIMA) da Veiga.

SEGUNDA.- Actuación a desenvolver

As actuacións inclúen:

- Accesos: Pavimentación, movemento de terras no acceso ao CIMA.
- Maquinaria: Adquisición de cámaras frigoríficas, marmitas, partidora de améndoas, envasadoras e sistemas de calibrado.

TERCEIRA.- Gastos subvencionables

O orzamento total de 285.000,00 € será financiado pola Consellería de Economía e Industria, e polo Concello da Veiga, sen prexuízo de que o propio concello poida recibir achegas ou subvencións doutras administracións públicas ou entidades terceiras para o financiamento das actuacións obxecto deste convenio.

Considéranse gastos subvencionables os investimentos derivados da execución do proxecto técnico de accesos e a facturación da maquinaria detallada na memoria valorada, realizados entre o día seguinte á data de sinatura do convenio e o 16 de novembro de 2026, de acordo coa previsión incluída no Anexo a este convenio, e co límite establecido na cláusula Décima. Non obstante, a devandita previsión considérase unha estimación previa, que poderá variar trala elaboración do proxecto final e da contratación da actuación por parte do concello, o cal deberá ser obxecto de validación por parte da comisión de seguimento establecida na cláusula décimo terceira deste convenio.

Calquera modificación substancial das actuacións previstas no Anexo I do presente convenio deberá ser solicitada á Consellería de Economía e Industria, quen decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de aceptarse, se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente "addenda".

Sen prexuízo do anterior, e sen necesidade de instar á modificación do convenio a través dunha "addenda", poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto indicadas anteriormente, coa limitación do 20 % de cada unha delas, sempre que non aumente o importe total do convenio, e que non se desvirtúen as súas características e obxectivos.



Os tributos serán considerados gastos subvencionables cando o beneficiario os aboa efectivamente consonte ao establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, o imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

CUARTA.- Axudas á inversión para infraestruturas locais

A axuda derivada da sinatura deste Convenio axústase ao regulado no artigo 56 do Regulamento (UE) 651 /2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado da UE. Deste xeito, seralle de aplicación as seguinte obrigas:

- a) As infraestruturas poñeranse ao dispor dos usuarios interesados dunha forma aberta, transparente e non discriminatoria. O prezo que se cobre polo uso ou a venda da infraestrutura deberá corresponder ao prezo de mercado.
- b) Calquera concesión ou outro tipo de atribución a terceiros para explotar a infraestrutura realizarase sobre unha base aberta, transparente e non discriminatoria, tendo debidamente en conta as normas de contratación pública aplicables.

QUINTA.- Cronograma e financiamento

As actuacións obxecto do convenio executaranse na anualidade 2026, entre as datas indicadas na cláusula anterior.

Para colaborar na execución destas actuacións, a Consellería de Economía e Industria achegará un máximo de 145.000,00 €. O financiamento restante será asumido polo Concello da Veiga, sen prexuízo de que poida recibir achegas ou subvencións doutras administracións públicas ou entidades terceiras para o financiamento das actuacións obxecto deste convenio.

SEXTA.- Obrigas do beneficiario

O Concello da Veiga obrígase a:

1. Destinar os fondos exclusivamente á finalidade prevista.
2. Xustificar documentalmente os investimentos antes do remate da anualidade.
3. Comunicar á Consellería de Economía e Industria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
4. Achegar os informes e os documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Consellería de Economía e Industria.



5. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución destas actuacións, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia,
6. De acordo con artigo 40 apartado 1.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, o concello da Veiga está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. O concello da Veiga procederá ao reintegro, total ou parcial, dos fondos recibidos máis os xuros de demora devindicados dende o momento da concesión ata a da resolución do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
8. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
9. Acreditar ante a Consellería de Economía e Industria, con anterioridade á sinatura do presente convenio, que se atopan ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, para o que poderá presentar unha declaración responsable consonte o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
10. Cumprir coas esixencias do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. En particular, deberá acreditar ante a Consellería de Economía e Industria, con anterioridade á sinatura do presente convenio, ter cumprido co deber da remisión ao Consello de Contas das contas xerais.
11. Facer unha declaración responsable de que o concello da Veiga non está suxeito a unha orde de recuperación de axudas consecuencia dunha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior como está definido no art. 1. 4. a) do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión.
12. Cumprir co resto dos requisitos e das obrigas recollidas no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Obrigas da Consellería de Economía e Industria

1. A Consellería de Economía e Industria achegará ao concello da Veiga, na súa calidade de beneficiario, o aboamento dos gastos que se xustifiquen como subvencionables ata un máximo de 145.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 09.03.732A.760.1 proxecto contable 2016 00349 (CREACIÓN DE VIVEIROS INDUSTRIAIS DE EMPRESAS EN PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA), dos Orzamentos de 2026.
2. Calquera modificación das cláusulas do presente convenio deberá ser solicitada á Consellería de Economía e Industria que decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de aceptarse, levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente "addenda",



consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No caso de que o custo final do investimento sexa inferior ao inicialmente previsto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao gasto real, sempre que se garanta a execución completa e non deficiente do proxecto; para tal fin, considerárase que a realización é íntegra cando a obra executada cumpra coas calidades e finalidade técnica proxectadas e a maquinaria adquirida manteña as prestacións e capacidades descritas na memoria técnica, acreditándose dita conformidade mediante a certificación final de obra e as fichas técnicas dos equipos.

OITAVA. Subcontratación e os seus límites

A subcontratación dos servizos necesarios para acometer as actividades a desenvolver ao abeiro do presente convenio poderá acadar ata o 100% das mesmas e realizarase de acordo aos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do seu Regulamento. En todo caso, a Consellería de Economía e Industria poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo, así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

Sen prexuízo do cumprimento de cantas obrigas lle resulten de aplicación no marco da contratación do sector público, e de conformidade co apartado 3 do artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, cando a actividade concertada exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000,00€ a subcontratación deberá cumprir os requisitos seguintes:

- que o contrato se celebre por escrito,
- que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Consellería de Economía e Industria.

NOVENA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte á súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

DÉCIMA.- Compatibilidade con outras axudas

Consonte ao establecido no artigo 40 do Decreto 11/2009 que establece o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, establécese a compatibilidade de axuda concedida neste convenio con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda sempre que, conxuntamente, non supere o custo da actividade subvencionada.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 11, apartado d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán cumprir coa obriga de comunicar á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético cantas axudas, subvencións, ingresos ou recursos que sexan obtidos para financiar adicionalmente estas mesmas actividades.



DECIMO PRIMEIRA.- Prazo e forma de xustificación

1. A data límite para a presentación da correspondente xustificación de realización das actividades do presente convenio será o 16 de novembro de 2026.

A documentación necesaria para a xustificación é:

i. Certificación expedida pola Secretaría do concello da Veiga, co visto e prace do alcalde-presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

a) o cumprimento da finalidade da subvención,

b) os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data do recoñecemento da obriga polo órgano competente.

ii. Facturas orixinais das actuacións realizadas. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá aportar unha copia auténtica electrónica da factura orixinal en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa reguladora do procedemento administrativo común. Non obstante, no presente procedemento, admitiranse as facturas orixinais en papel ou copias debidamente compulsadas, no caso de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica por parte da Administración para emitir copias auténticas electrónicas-

iii. Xustificante de pagamento das facturas mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento entre a data de inicio das actuacións e a data límite de xustificación. Non se admitirán os pagamentos en efectivo, así como os xustificantes obtidos a través de internet se non son validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

iv. Certificado da Secretaría do concello da Veiga no que se indique que o procedemento de contratación pública se realizou consonte á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e onde se indique ademais o adxudicatario do contrato e o importe de adxudicación.

v. Certificado da Secretaría ou da Intervención do concello onde se sinale que o IVE subvencionado non é recuperable por parte do concello beneficiario.

vi. Informe técnico no que se describa a realización total da actuación e os datos e incidencias máis significativos na súa execución, asinado por técnico municipal.

vii. Declaración actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución destinadas ao financiamento do mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.

viii. Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no



artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- ix. Memoria sobre as actuacións realizadas, na que se indiquen as incidencias máis significativas da obra, no seu caso, e que deberá incluír un dossier fotográfico completo sobre o estado final da nave e dos distintos espazos realizados e dos equipamentos subministrados.
2. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme a Lei, correspondan
 3. Os órganos competentes da Consellería de Economía e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á subvención.

DECIMO SEGUNDA.- Control

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.
2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á labor interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.
3. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, coa obriga por parte dos beneficiarios de achegar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das anteriores actuacións.

DECIMO TERCEIRA.- Publicidade

1. As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da Consellería de Economía e Industria, de acordo con establecido na normativa reguladora das subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.
2. Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas.



subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3. En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da Consellería de Economía e Industria e utilizarase, cando proceda, a imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

DECIMO CUARTA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión paritaria de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas representantes da consellería e dúas en representación do concello.

A comisión constituirase a petición de calquera das partes e as súas funcións serán velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes. O presidente da comisión será un dos representantes da Consellería de Economía e Industria.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DECIMO QUINTA.- Confidencialidade e publicidade

O beneficiario comprométese a manter a confidencialidade de toda a información facilitada que teña o dito carácter.

Cando o beneficiario desexe utilizar algún dato que teña carácter de confidencial para a súa publicación ou difusión, deberá solicitar a autorización da Consellería.

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométese a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométese a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DECIMO SEXTA.- Relación contractual

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades contempladas no presente convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DECIMO SÉTIMA.- Perda do dereito ao cobro e reintegro da axuda

1. Producirase a perda do dereito ao cobro da axuda ou, no seu caso, procederá o reintegro da mesma cos intereses correspondentes, nos supostos e termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
2. O reintegro das axudas rexeráse polo establecido no Título II da Lei de Subvencións de Galicia e no Título V do Regulamento da devandita Lei.
3. Na gradación dos posibles incumprimentos que determinan a perda do dereito ao cobro ou o reintegro das axudas, teranse en conta os seguintes criterios:
 - a) Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios de proporcionalidade:
 - i. O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará a perda do dereito ao cobro ou, se é o caso, á devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas. Neste caso e para clarificar a aplicación destas minoracións, as partidas obxecto de subvención serán validadas pola comisión de seguimento nun prazo breve dende a sinatura, permitindo ao concello a súa definición técnica previa á licitación, momento no que se axustarán as contías ao prezo real de adxudicación.
 - ii. A realización do gasto fóra do prazo de execución suporá a devolución das cantidades investidas fóra de prazo.
 - iii. A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido nas cláusulas do presente convenio, levará a devolución das cantidades percibidas e non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.



- b) O incumprimento total e manifesto dos obxectivos establecidos no presente convenio será causa de reintegro total da axuda.

DECIMO OITAVA.- Resolución

Serán causa de resolución do presente convenio, procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento de toda a subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo
- O acordo mutuo das partes

DECIMO NOVENA.- Natureza e resolución de conflitos

O presente convenio ten carácter administrativo. Correspóndelle á Consellería de Economía e Industria a interpretación do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste senso inmediatamente executivos. As posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei reguladora da dita xurisdición.

VIXÉSIMA.- Supletoriade

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexerese polas súas cláusulas e, en todo o non recollido nelas, aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de dereito administrativo.

En proba de conformidade, as partes asinan electronicamente o presente convenio de colaboración.

Pola Consellería de Economía e Industria

M.^a Jesús Lorenzana Somoza

Polo concello da Veiga

Juan Anta Rodríguez



ANEXO: ORZAMENTO PREVISTO PARA AS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO CONVENIO

1. MELLORA DOS ACCESOS
ORZAMENTO TOTAL DA OBRA.....170.000,00 €

2. EQUIPAMENTO
TOTAL.....115.000,00 €

TOTAL ACTUACIÓNS: 285.000,00 €

